

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 28 de novembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero

NON ASISTEN:

D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e quince minutos do día vinte e oito de novembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1418).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1419).- DAR CONTA DA EXCLUSIÓN DE EMPRESA NA CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSOLIDACIÓN DE NICHOS DO CEMITERIO DE TEIS. EXPTE. 10267/255.

Dáse conta da proposta do 28.11.14, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 28 de OUTUBRO de 2014, entre outros, acordou:

3.- Apertura da documentación técnica.

Procedemento aberto para a contratación das obras de consolidación de nichos do cemiterio de Teis. (expediente 10267-255).

Se procede a apertura do "Sobre B: Documentación Técnica" do presente procedemento.

A empresa Keller Cimentaciones S.L. presenta un CD sen identificar exteriormente e sen estar firmado dixitalmente nin se acompaña unha declaración escrita do licitador, sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate, que terá que estar asinado por persoa con poder de representación acreditado. A mesa, por unanimidade dos membros asistentes, acorda excluír dita oferta por incumprir o disposto na cláusula 13-3 do PCAP.

Deste acordo non se deu conta a Xunta de Goberno no momento da clasificación das ofertas por orde decrecente, a vista das anteriores circunstancias SE PROPÓN A XUNTA DE GOBERNO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Dar conta da exclusión da empresa Keller Cimentaciones S.L. do procedemento aberto para a contratación das obras de consolidación de nichos do cemiterio de Teis. (expediente 10267-255) e que foi acordada pola Mesa de Contratación de 28 de outubro de 2014 xa que Keller Cimentaciones S.L. presentou un CD sen identificar exteriormente e sen estar firmado dixitalmente nin se acompaña unha declaración escrita do licitador, sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate, que terá que estar asinado por persoa con poder de representación acreditado.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(1420).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSOLIDACIÓN DE NICHOS DO CEMITERIO DE TEIS. EXPTE. 10267/255.

Visto o informe de fiscalización 27.11.14, dáse conta do informe-proposta do 27.11.14, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de novembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

4.- Propostas de adxudicación.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de consolidación de nichos do cemiterio de Teis (expediente 10267-255)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSPP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*

- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras de consolidación de nichos do cemiterio de Teis (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 14 de novembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras de consolidación de nichos do cemiterio de Teis (expediente 10267-255), no seguinte orde decrecente:

<i>CLASIFICACIÓN</i>	<i>EMPRESA</i>	<i>PUNTUACIÓN OFERTA TÉCNICA</i>	<i>PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA</i>	<i>PUNTUACIÓN TOTAL</i>
<i>1ª</i>	<i>UTE ACEVI, S.L.- GPD CONSTRUCCIONES, S.A.</i>	<i>16,40</i>	<i>80</i>	<i>96,40</i>
<i>2ª</i>	<i>GEOTÉCNIA Y CIMENTOS, S.A</i>	<i>15,90</i>	<i>50,58</i>	<i>66,48</i>

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, U.T.E. ACEVI, S.L-GPD CONSTRUCCIONES, S.A., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 180.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 646,40 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 17 de novembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 21 de novembro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación na sesión da Mesa de data 24 de

novembro de 2014, esta acorda requirirille que acredite a súa solvencia técnica, notificándose este acordo en data 24 de novembro de 2014.

Terceiro.- En data 26 de novembro de 2014, o licitador presenta certificados de boa execución para acreditar a súa solvencia técnica. Revisada esta documentación na sesión da Mesa de Contratación de 27 de novembro de 2014, a mesa, á vista de que queda acreditada a solvencia técnica do licitador, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Á vista dos informes dos arquitectos municipais, de datas 04-11-2014 e 07-11-2014 valorando os criterios non avaliados mediante fórmula, e do xefe do servizo de Medio ambiente, Sanidade e Consumo de data 13-11-2014, valorando os criterios avaliados mediante fórmula e establecendo a puntuación final, a oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por U.T.E. ACEVI, S.L-GPD CONSTRUCCIONES, S.A. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a U.T.E. ACEVI, S.L-GPD CONSTRUCCIONES, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de consolidación de nichos do cemiterio de Teis (expediente 10267-255) por un prezo de 89.355,87 euros, e coas seguintes prestacións adicionais:

- Oferta un incremento do prazo de garantía de 48 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1421).- NOMEAR COORDINADORES DE SEGURIDADE E SAÚDE DO PROXECTO BÁSICO DE EXECUCIÓN DE CONSOLIDACIÓN DE CIMENTACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE.10267/255.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Medio Ambiente Sanidade e Consumo, do 27.11.14, conformado pola concelleira da Área de Medio Ambiente e Xuventude, que di o seguinte:

1.- *A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 08 de xullo de 2014, acordou aprobar o “Proxecto básico e de execución de consolidación de cimentación de nichos no cemiterio de Teis do Concello de Vigo”, que inclúe estudo básico de seguridade e saúde, redactado polos arquitectos municipais da Oficina de Obras e Proxectos da Xerencia Municipal de Urbanismo, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, en data en data 23/10/2013, anexo aclaratorio de data 07/07/2014, cun orzamento xeral ou de contrata de 116.408,72 euros, para a súa posterior contratación da execución obra na forma legalmente prevista, nomeando como técnicos directores da obra aos citados arquitectos municipais.*

2.- *Segundo expediente administrativo núm. 10267/255 tramitase a contratación das referidas obras do “Proxecto básico e de execución de consolidación de cimentación de nichos no cemiterio de Teis do Concello de Vigo”, polo procedemento aberto e trámite urxente, cuxo expediente de contratación cos PPT, PCAP e autorización do gasto foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 29/08/2014 e acordándose, tamén, a apertura do procedemento de licitación.*

Tralo correspondente procedemento de licitación, a Mesa de Contratación do Concello de Vigo en sesión do 27/11/2014, propón ó organo de contratación, a Xunta de Goberno Local, a adxudicación do contrato á U.T.E. ACEVI, S.L-GPD CONSTRUCCIONES, S.A por un prezo de 89.355,87 euros.

3.- *O PCAP que rexe a contratación establece na súa CLÁUSULA 1, apartado 5, que:*

“O coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras. Entre as súas funcións atopáanse as seguintes:

- *Informar o plan de seguridade e saúde presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación.*
- *Levar o Libro de incidencias de seguridade e saúde o que se refire o artigo 13 do RD 1627/1997.*
- *Remitir copia ó responsable do contrato das incidencias que anote no libro.*
- *Informar mensualmente sobre o cumprimento do Plan de seguridade e saúde ó responsable do contrato.*

4.- O técnico que subscribe, responsable do contrato, trala consulta cos arquitectos municipais directores facultativos da obra, propón que o cargo de coordinadores de seguridade e saúde da referida obra recaia nos citados directores facultativos da obra, tendo en consideración que esta non representa complexidade.

Polo exposto, ao abeiro do establecido na cláusula 1, apartado 5, do PCAP que rexe a contratación, propónse a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación do Concello de Vigo ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 3, do TRLCSP aprobado por RDL 3/2011, de 14 de novembro, a dopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Nomear como coordinadores de seguridade e saúde da “obra de consolidación de cimentación de nichos no cemiterio de Teis do Concello de Vigo” ós arquitectos da Xerencia Municipal de Urbanismo, DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO e JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS, que a súa vez son os autores do proxecto de obra e directores facultativos desta segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 08/07/2014.

Segundo.- Notificar este acordo ós técnicos nomeados como coordinadores de seguridade e saúde e á empresa adxudicataria na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1422).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACCESIBILIDADE A COLEXIOS PÚBLICOS. EXPTE. 16199/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.11.14, dáse conta do informe-proposta do 24.11.14, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 24 de novembro de 2014, entre outros, acordou:

4.- Propostas de adxudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de accesibilidade a colexios públicos. (expediente 16199-332).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.

- *Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación das obras de accesibilidade a colexios públicos.*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do extraordinaria e urxente do día 14 de novembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 05/11, do secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 10-10-2014, 14-10-2014, 28-10-2014, 30-10-2014, 02-10-2014 e 05-1-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento de data 23-10-2014 e 31-10-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- : Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras de accesibilidade a colexios públicos. (expediente 16199-332).”, no seguinte orde decrecente:

1	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.	89,60
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	82,19
3	STRADIA	81,82
4	CIVIS GLOBAL SL	80,25
5	ORESA	76,28
6	EMERGIS	70,80
7	CONSTRUCCIONES CASTRO	65,77
8	NATURGALIA SL	31,86

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.

Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.

Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 651,02 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 14 de novembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 21 de novembro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación na sesión da Mesa de data 24 de novembro de 2014, se comproba que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de accesibilidade a colexios públicos. (expediente 16199-332) por un prezo total de 226.410 euros (IVE incluído), comprometéndose a incrementar o prazo de garantía en 108 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1423).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MAQUINARIA PARA O XIMNASIO

DO PARQUE CENTRAL DE TEIS DO SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 3494/213.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.11.14, dáse conta do informe-proposta do 20.11.14, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 20 de novembro de 2014, entre outros, acordou:

3.- Propostas de adxudicación.

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de maquinaria para o ximnasio do Parque Central de Teis do servizo de Bombeiros. (expediente 3494-213).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSF).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.

Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación da subministración de maquinaria para o ximnasio do Parque Central de Teis do servizo de Bombeiros. (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de novembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

5.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MAQUINARIA PARA O XIMNASIO DO PARQUE CENTRAL DE TEIS DO SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 3494/213.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 07/11, do secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 24-10-2014, 28-10-e 07-11-2014 e dos informes do xefe do servizo de Bombeiros de data 005-11-2014 e 07-11-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSF), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- : Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación da subministración de maquinaria para o ximnasio do Parque Central de Teis do servizo de Bombeiros. (expediente 3494-213).”, no seguinte orde decrecente:

Manten, S.L. 91,06 puntos.

Exercycle, S.L. 90,00 puntos

Telju Fitness, S.L 45,63 puntos.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Mantén,S.L para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

*Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 655,72 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 19 de novembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 20 de novembro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación na sesión da Mesa de data 20 de novembro de 2014, se comproba que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“Adxudicar a MANTEN, S.L., o procedemento aberto para a contratación da subministración de maquinaria para o ximnasio do Parque Central de Teis do servizo de Bombeiros. (expediente 3494-213) por un prezo total de 90.049,99 euros (IVE incluído), comprometéndose a incrementar O prazo de garantía en 5 anos, a realizar o seguinte mantemento preventivo cada 3 meses durante 5 anos e aportar as seguintes melloras:

- Subministro e montaxe de estrutura metálica de aceiro galvanizado, completamente modular e con acabado lacado en pintura RAL.*
- Subministro e montaxe de cerramento de vidro formado por paneis de vidro templado de 10 mm de espesor, unidos á estrutura metálica mediante parafusos con xunta elástica.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1424).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DOCENTES DO PROGRAMA DE XIMNASIA PARA MAIORES. EXPTE. 13287/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 287.11.14, dáse conta do informe-proposta do 27.11.14, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de novembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

4.- Propostas de adxudicación.

- a) *Procedemento aberto para a contratación dos servizos docentes do programa de ximnasia para maiores (expediente 13287-333)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*

- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dos servizos docentes do programa de ximnasia para maiores (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 14 de novembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“(…) Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación dos servizos docentes do programa de ximnasia para maiores. (expediente 13287-333)., no seguinte orde decrecente:

1	PABLO CASAL NUÑEZ	96
2	EULEN S.A.	72,86
3	SENES CIT SL.	54,16

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Pablo Casal Nuñez para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 14 a) das FEC.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC e os que se comprometeu na súa oferta.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 637,16 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 14 de novembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 25 de novembro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación na sesión da Mesa de data 27 de novembro de 2014, se comproba que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Á vista dos informes do director deportivo do IMD de datas 03-11-2014 e 07-11-2014, valorando os criterios non avaliábles mediante fórmula e avaliábles mediante fórmula e establecendo a puntuación final respectivamente, a oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PABLO CASAL NUÑEZ. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PABLO CASAL NUÑEZ o procedemento aberto para a contratación dos servizos docentes do programa de ximnasia para maiores (expediente 13287-333) por un prezo de 38.284,40 euros, sendo o prezo da hora de prestación do servizo de 34 euros (IVE engadido).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1425).- NOMEAMENTO DE COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE ACCESIBILIDADE A COLEXIOS PÚBLICOS DE VIGO. EXPTE. 16199/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Servizos Xerais, do 25.11.14, conformado polo asesor xurídico e a concelleira delegada, ambos da Área de Educación, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 27 de xuño de 2014, entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de ACCESIBILIDADE A COLEXIOS PÚBLICOS DE VIGO (expte. 16199-332)

